



## CURSO "CONTA DOADA II" PARA ASOCIACIÓNS

Fai tempo que a Deputación da Coruña puxo a disposición das entidades sen ánimo de lucro da provincia unha aplicación informática de contabilidade e que actualmente incorpora un xestor documental e unha aplicación de facturación. Esta aplicación denomínase “Conta Doadada II”.

O programa é de descarga libre e de balde.

A Deputación Provincial vai facer dous cursos co fin de que as asociacións poidan comezar a traballar co programa ou mellorar o seu manexo. En principio, fará un único curso, para logo, se hai xente interesada, organizar os que sexan necesarios.

Co dito programa e cos cursos, a asociación poderá acadar maiores niveis de transparencia e seguridade xurídica, tanto nas relacións entre as entidades e a administración, como entre os responsables de cada entidade e os seus membros.

A axeitada contabilización e documentación da xestión económica das entidades non é só unha obriga inmediata dos que reciben fondos públicos, senón tamén unha responsabilidade que os xestores asumen fronte ó colectivo que representan ou ó que dirixen as súas accións.

A inscrición no curso realizarase unicamente de xeito informático, cubrindo os datos da ficha colgada no apartado "Conta Doadada" da páxina web da Deputación, [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

Entregaráselles un diploma acreditativo da asistencia ós participantes no curso.

O curso terá unha duración de 4 horas.

DATAS	LUGAR	HORARIO
29-09-2017	A CORUÑA Palacio Provincial, Av. Alférez Provisional 2, A Coruña, 6ª planta.	De 16.30 a 20.30 h.
6-10-2017	A CORUÑA Palacio Provincial, Av. Alférez Provisional 2, A Coruña, 6ª planta.	De 16.30 a 20.30 h.

Recoméndase que, antes de asistir ao curso, os alumnos descarguen e instalen a aplicación nos seus ordenadores e se familiaricen coa aplicación.